

PROPOSTAS DE MEDIDAS URXENTES DE APOIO ÁS

FAMILIAS MONOPARENTAIS



ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución. Contexto sobre a situación na protección das Familias Monoparentais en Galicia	1
Por que son necesarias medidas urxentes contra a pobreza centradas nas familias monoparentais?	3
A Familias Monoparentais no Estado e situación en Galicia: incumprindo compromisos	5
Son motivos para a parálise. É a hora de actuar ante a emerxencia	7
Conclusión. É imperativo terminar co retraso inxustificable na implantación das medidas de protección das Familias Monoparentais	12

Introdución. Contexto sobre a situación na protección das Familias Monoparentais en Galicia

O recoñecemento do modelos de familia monoparental marca un comezo na aplicación de medidas específicas para este grupo e, especialmente, para a infancia criada nel. Aínda que nos últimos anos se produciron avances legislativos nesta liña, e outras Comunidades Autónomas xa aplicaron medidas específicas, en Galicia segue sen desenvolverse de maneira integral.

Coa aprobación da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia¹, en vigor dende o 10/02/2021; avanzouse de maneira decidida co obxectivo de impulsar medidas concretas de protección. Neste senso, é preciso facer énfase en tres cambios clave:

1

Na súa disposición final terceira, acórdase modificación do Artigo 13 da **Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, que xa as recoñecía como grupo de familia de especial consideración (Artigo 9)**; no que se aclara o concepto de familia monoparental coa introdución de 3 supostos (Artigo 13.1); **e se introduce a creación do rexistro de Familias Monoparentais Galegas, o cal “determinará os requisitos e os medios de acreditación de dita condición” (Artigo 13.3)**. Cabe destacar que, xunto ás mencionadas modificacións, tamén se incluíron como grupos de especial consideración as familias en situación de especial vulnerabilidade económica, e as familias vítimas de violencia de xénero.

Neste senso, é necesario precisar que, aínda que a efectos de redacción, **estas situacións poidan parecer recollidas como se se tratase de grupos diferenciados, en moitos casos están presentes de maneira acumulativa** – no caso concreto que nos ocupa, se atendemos á dimensión da vulnerabilidade económica e á violencia machista, existen familias monoparentais que se ven atravesadas por ámbalas dúas situacións (e incluso por algunha situación máis das contempladas no Artigo 9 da Lei - familias acolledoras, con persoas maiores, dependentes ou con discapacidade a cargo, ou tamén monoparentais numerosas).

Esta realidade, que afonda no seu risco de exclusión social, redobra a necesidade de dar resposta con medidas de apoio dende as institucións, o que conta cun recoñecemento explícito na normativa vixente.

2

No Artigo 40.1: recóllese o compromiso **de aprobación, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da norma (antes do 10.02.2022); dun plan de apoio ás familias monoparentais**, “coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades”, en colaboración coa FEGAMP e as administracións locais.

3

No Artigo 40.2: **nun prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei (antes do 10.08.2021), dar cumprimento “ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas”**, tal e como se mencionou anteriormente, na nova redacción do Artigo 13.3, da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de Apoio á familia e a convivencia de Galicia.



¹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210209/AnuncioC3B0-040221-4_gL.html

Estes compromisos, que frutificaron coa incorporación con rango legal dunhas reivindicacións clave, partiron en boa medida da toma en consideración por parte da administración da situación de emerxencia que estaban a experimentar as familias monoparentais, e da identificación das súas necesidades.

Porén, **máis de tres anos despois da súa entrada en vigor**, e malia a contar mesmo cun compromiso temporal para a súa posta en marcha; **o retraso inxustificado no desenvolvemento dos compromisos incorporados nas leis ás que vimos de referir**, están a agravar a taxa de pobreza das familias monoparentais e, de xeito paralelo, a taxa de pobreza infantil e a feminización da pobreza.



Cando falamos de familias ou fogares monoparentais, **é esencial entender que detrás deste núcleo están nenos, nenas e adolescentes (NNA) que sofren as consecuencias da inacción de medidas de protección**. A ausencia dun sistema homologado de recoñecemento administrativo impide, que moitos vivan en fogares con acceso efectivo a beneficios e prestacións que si se reciben noutras comunidades autónomas.

En Galicia mentres os datos de pobreza diminúen, non o fan na mesma medida os de pobreza infantil. Os nenos, nenas e adolescentes pertencentes ás familias monoparentais, deben contar cos recursos necesarios para facer fronte a situacións que poden afectar o seu benestar e desenvolvemento. En consecuencia, é importante que as acreditacións teñan en conta a diversidade de situacións e garantan que ningunha infancia quede desprotexida. Debemos ser conscientes que protexer a infancia de hoxe e apostar polo futuro de mañá.

Por que son necesarias medidas urxentes contra a pobreza centradas nas familias monoparentais?


De acordo cos resultados en España da Encuesta sobre Condiciones de vida do INE (sobre os que se ven realizando o [Informe do estado da Pobreza](#)²), é preciso atender á alarmante evolución da situación dos **fogares monoparentais (81,9% encabezados por mulleres)**.

Ao longo do mesmo, móstranse datos que seguen poñendo de relevo a necesidade de reforzar a atención a estas familias: **No 2024, a taxa de risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE) das persoas residentes en fogares cun adulto e un neno, nena ou adolescente situouse nun 50,3%, case duplicando o dato AROPE do total da poboación (25,8 %).**

En clave autonómica se tomamos como referencia os datos do INE no 2023, observamos unha evolución preocupante de dous dos indicadores representativos dentro da estrutura das familias monoparentais.

A presenza ou non de nenos, nenas e adolescentes (NNA) no fogar. Os fogares con menores de idade sufriron un incremento maior que os fogares sen eles. Subindo dun 24,4 a un 27,1 (2,7 puntos máis respecto ao 2022), **mentres que** nos fogares sen menores de idade aumentou dun 22,9% a un 24,3%, 1,4 puntos mais respecto ao ano anterior). Este incremento da pobreza nestes fogares afecta directamente no benestar, desenvolvemento e oportunidades vitais da infancia e adolescencia, **deixando a 1 de cada 4 nenos, nenas e adolescentes en situación de especial vulnerabilidade.**

O outro indicador que evoluciona alarmantemente é o **risco de pobreza por sexo**. Segundo os datos do 2023 en Galicia, podemos observar que a súa incidencia está 2,5 puntos por enriba das dos homes (un 20,6% fronte ao 18,1%, respectivamente). Porcentaxes que evidencian a fenda de xénero existente no impacto da pobreza. Estes datos manteñen unha relación directa coas familias monoparentais, pola prevalencia de mulleres ao fronte das mesmas. Máis do 80% das familias monoparentais están encabezada por mulleres.



Aínda que non temos os datos do 2024 do Instituto Nacional de Estadística específicos da nosa comunidade, si dispomos dos últimos aportados polo Instituto Galego de Estadística (IGE).

Se atendemos aos datos sobre o grao de dificultade para chegar a fin de mes por tipoloxía do fogar aportados polo IGE no 4º trimestre de 2024³, constatamos unhas notorias desigualdades.

Os resultados mostran que o 53,45% das familias que aseguran chegar con facilidade ou moita facilidade a final de mes corresponde a parellas sen fillos. Pola contra só un 33,68% formado por familias monoparentais o conseguen.

²Informe sobre o estado da pobreza en Galicia do ano 2024: <https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/10/Estado-da-Pobreza-en-Galicia-2024-V2.pdf>

³<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0205015&paxina=001&ruta=verTabla.jsp?COD=3388&R=1%5ball%5d&C=0%5bo:1%5d:3%5b202416%5d&F=2:0:998:12&OP=1&B=1>

Dándolle a volta vese con maior claridade. **A porcentaxe de familias monoparentais que asegura chegar con dificultade ou moita dificultade a fin de mes é o máis alto de todos os tipos de fogar: o 66,32% sobre o total**, o que, da man do resto dos datos dispoñibles, da boa conta da necesidade de medidas urxentes que dean resposta á situación que enfrontan. Estas medidas mellorarían a situación dunha gran porcentaxe de infancia que vive en fogares con gran dificultade económica, e que vese obrigada a renunciar ao acceso a recursos e dereitos básicos, reproducindo e perpetuando os ciclos de pobreza de xeración en xeración.

O último dato actualizado polo IGE sobre a taxa de risco de pobreza ou exclusión social das familias monoparentais⁴, correspondente ao ano 2023, ascende a un 31,2%. Tendo en conta que o total de familias monoparentais sitúase en 114.506, se aplicamos a mencionada porcentaxe podemos concluír que **un mínimo de 35.725 familias monoparentais galegas se atopan en risco de pobreza e exclusión social**.

En calquera caso, a falta de estudos específicos sobre a situación das familias monoparentais en Galicia, nos que se conte cunha metodoloxía e unha mostra que permitan obter unha imaxe ampla da súa situación; implica que debamos manexar os datos dispoñibles con certa cautela, xa que só mostran unha pequena parte dunha realidade moito máis complexa. Aínda así, e ante a ausencia dun sistema de apoio robusto, **as familias monoparentais son hoxe en día o paradigma da vulnerabilidade e o risco de exclusión se atendemos ós diferentes tipos de fogar**.

Considerando este aspecto, as familias monoparentais representan hoxe máis do 10% de familias en Galicia. En definitiva, nun contexto marcado pola feminización da pobreza, as elevadas taxas de pobreza infantil e a constatación do fenómeno de empobrecemento experimentado nos fogares con menores de idade; non ten cabida engadir máis tempo de espera.

O proxecto de Lei de familias estatal impulsado polo goberno central, que conta cun incerto horizonte para a súa aprobación; non inflúe en ningún caso na potestade da Xunta de Galicia para emprender as medidas de protección que estime oportunas, máxime, cando fai un recoñecemento explícito dos mesmos textos con rango de Lei. Sobre este aspecto, e a evolución da protección das familias monoparentais no resto do Estado, centraremos o seguinte punto.




⁴https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0205002&num_pag=11

As familias monoparentais no Estado e situación en Galicia: incumprindo compromisos

Se ben é certo que, tal e como se introduce ao inicio, no 2021 foi introducido un horizonte temporal para o desenvolvemento de dous compromisos clave na loita contra a pobreza das familias monoparentais a través da Lei de impulso demográfico (Lei 5/2011, de 2 de febreiro). Na actualidade, **nin Plan de apoio ás familias monoparentais, nin o rexistro de familias monoparentais** galegas foron postos en marcha tras máis de 4 anos dende o vencemento do límite establecido a tal efecto.

Esta inacción institucional, supón unha importante carencia na garantía de dereitos tanto das persoas adultas responsables destes fogares como dos NNA que forma parte deles e que sofren directamente as consecuencias desta falta de apoios.

Ben é certo, que recentemente, avanzouse no último punto. Presentouse á exposición pública un borrador de convocatoria específica para solicitar o certificado de familia monoparental. É un primeiro paso, cara o prometido e necesario rexistro de familias monoparentais.



Ata o momento, na Comunidade Autónoma de Galicia, **creouse un certificado de familia monoparental, cunha solicitude específica, e se está a traballar na elaboración dun rexistro**. No resto das comunidades autónomas, hai rexistros e/ou títulos que recoñecen as diferentes categorías de familia monoparental en función duns parámetros concretos.

No entanto, foron aprobadas novas leis de recoñecemento das familias monoparentais en 3 Comunidades Autónomas: **Asturias** (Lei 19/2023, de 10 de marzo), **Murcia** (Lei 1/2023, de 23 de febreiro) e **A Rioxa** (Lei 3/2023, de 7 de febreiro); nas que, **aínda que xa naqueles momentos se atopaba en tramitación unha Lei Estatal de Familias, isto non foi óbice para que, en pleno uso das súas competencias, estas autonomías avanzaran na protección das familias monoparentais**.

Así pois, as comunidades autónomas que recolleron a nivel lexislativo a creación dun rexistro específico para as familias monoparentais sitúase xa en 10, **das que, se ben Galicia forma parte por contar con este recoñecemento⁵, é a única que está en trámites de levalo a cabo dende a súa creación**.

O ano pasado, o goberno central presentou un novo proxecto de Lei de Familias, que aínda que se atopa xa en marcha, leva sumando senllos retrasos na súa tramitación sen un horizonte temporal claro.

Certo é que recentemente, avanzouse no campo da conciliación e coidados, coa aprobación do **Real Decreto-ley 9/2025, de 29 de xullo⁶**, publicado o 30 de xullo no BOE, polo que se amplía o permiso de nacemento e coidado. No caso das familias monoparentais aumenta ata as 32 semanas remuneradas, 28 semanas os primeiros 12 meses do bebé, e 4 semanas máis ata que cumpra os 8 anos.

⁵Tal e como se referiu ao comezo do documento, incluído nas Leis 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e na modificación introducida por esta na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

⁶<https://www.boe.es/.../2025/07/30/pdfs/BOE-A-2025-15741.pdf>

Da man dos datos que cada ano vimos coñecendo, a situación das familias monoparentais precisan da acción coordinada e decidida de todos os poderes públicos, entendéndoo como un imperativo que parte da especial consideración que as diferentes lexislacións en materia de familia lles ten recoñecido a efectos de protección. Neste contexto, **as comunidades autónomas seguen avanzando no desenvolvemento dos rexistros de familias monoparentais:**

Euskadi pechou en xuño de 2024 a consulta previa á elaboración do proxecto de decreto que sentará o réxime das familias monoparentais⁷, co fin de dotalas dun marco de protección social, económico e xurídico que garanta os seus dereitos e contribúa a reducir o risco de pobreza e exclusión que están a padecer na actualidade. Acto seguido, trasladou no Consello Vasco de Familia a intención de proceder coa súa aprobación unha vez se teñan analizadas as achegas recollidas durante este proceso.



Na mesma senda que o País Vasco atópase **Andalucía**, que abriu a finais de 2023 o proceso de información pública do proxecto de decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de familia monoparental e a situación de monoparentalidade⁸, no que, entre outros aspectos, se recolle a creación do título e establece dúas categorías: xeral e especial, seguindo os pasos das comunidades autónomas que xa regulan esta condición.

Paralelamente, a **Comunidade de Madrid** tamén anunciou o pasado en setembro do 2023, co gallo do debate sobre o Estado da Rexión⁹, a posta en marcha nos vindeiros meses do "marco xurídico necesario para o **recoñecemento e acreditación da condición de familia monoparental, que incluírá medidas específicas para a protección para este colectivo**".

Ademais, outras institucións como a Procuradoría do Común de **Castela e León**, mediante a resolución do Expediente 362/2023¹⁰, instaron ao goberno rexional a establecer e regular "a la mayor celeridad posible el título oficial acreditativo de la condición de familia monoparental, con el objetivo de que sin más demora puedan hacerse efectivas las ventajas y beneficios que la normativa vigente contempla y reconoce para este tipo de unidades familiares".

⁷ https://www.euskadi.eus/informacion_publica/consulta-previa-proyecto-decreto-que-se-regula-regimen-familias-monoparentales/web01-tramite/es/

⁸ <https://www.juntadeandalucia.es/sites/default/files/2024-10/3.-%20Borrador%20inicial.pdf>

⁹ <https://www.comunidad.madrid/noticias/2024/09/12/diaz-ayuso-anuncia-nuevos-titulos-padres-familia-numerosa-monoparental-nuevas-ventajas-bonificaciones>

¹⁰ https://www.procuradordelcomun.org/archivos/resoluciones/1_1728992309.pdf

Sen motivos para a parálise. É a hora de actuar ante a emerxencia

Como quedou de manifesto no exposto anteriormente, o contexto interpela ás administracións para que se poñan en marcha medidas áxiles e decididas que dean resposta á emerxencia que están a vivir as familias monoparentais, e nas que moitas comunidades autónomas avanzaron (ou se atopan no proceso na actualidade).

Ante esta situación, o cumprimento do mandato establecido polos compromisos adquiridos na **Lei 5/2021, de 2 de febreiro; de impulso demográfico de Galicia** son, sen lugar a dúbidas, a pedra angular da folla de ruta sobre a que, sen máis preámbulo, deben producirse avances, incluíndo:

1 Creación do Rexistro de familias monoparentais

Recollido tanto na Lei 5/2021, de 2 de febreiro; de impulso demográfico de Galicia, como no Artigo 13.3 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de Apoio á familia e a convivencia de Galicia; **como ferramenta clave para a consolidación do modelo de protección das familias monoparentais en Galicia, con independencia da hipotética aprobación do proxecto de Lei de Familias estatal.**

Tal e como reza a última das normas mencionadas, este rexistro terá como obxectivo determinar e establecer os requisitos e medios de acreditación de dita condición, así como as diferentes categorías que se establecerán. Actualmente avanza neste compromiso coa exposición pública dun borrador de convocatoria específica para a solicitude do certificado de familia monoparental, para a posterior posta en marcha dun rexistro oficial, ata o momento inexistente.

A este respecto, **cremos que se debería replicar o modelo aplicado pola totalidade de CCAA que xa o puxeron en marcha**, e que reproduce tamén as categorías que se distinguen dentro das familias numerosas en Galicia e no resto de España: **xeral e especial.**

As **condicións** de cada unha destas categorías sería a seguinte:

- o **Xeral**: incluíría ás familias monoparentais cun fillo/a.
- o **Especial**: incluíría ás familias monoparentais con dous fillos/as ou máis, un fillo/a ou se o proxenitor/a ten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Ademais, tamén se incluírán aquelas que, cumprindo os requisitos da categoría xeral, se atopen en situacións de especial vulnerabilidade social, económica ou persoal cando os seus ingresos familiares non superen en cómputo anual o 225% do IPREM vixente, incluídas as pagas extraordinarias (18.900€)¹¹.

Tendo en conta o dato do limiar de pobreza para un fogar de 1 adulto e 1 menor no ano 2023 (14.285,7€), esta medida permitiría garantir a cobertura total tanto das familias monoparentais que se atopen en pobreza relativa como dunha gran parte das que, aínda estando por enriba do limiar de pobreza, se atopan en privación material e social severa (PMSS), aplicando un enfoque preventivo.

Cremos que a **certificación acreditativa creada pola Xunta nos últimos anos é o punto de partida para a posta en marcha deste rexistro** e que, a través das experiencias recollidas a partir do seu funcionamento, **cómpre facer unha análise en profundidade que permita reverter os problemas identificados dende a súa implantación**, e que seguen presentando trabas para acreditar a súa condición a familias que se atopan en situacións de vulnerabilidade. Cómpre recoñecer que neste aspecto fixéronse achegas a través do portal de transparencia no momento de poñer á exposición pública o borrador do modelo de solicitude específico do certificado de familia monoparental.

¹¹Aplicase un factor corrector de xeito que as familias monoparentais con un fillo/a alcancen a categoría especial cun limiar de renda que as sitúe no mesmo nivel que unha familia biparental cun fillo/a: Pax.6 <https://familiasmonoparentales.es/wp-content/uploads/2024/03/Prioridades-Ley-de-Familias.pdf>

En relación a esta situación, tomamos como referencia a suxerencia da Valedora do Pobo dirixida á Consellería de Política Social e Igualdade¹², na que se pide considerar **acreditada a condición de familia monoparental cando se probe por calquera medio válido en dereito, incluíndo os convenios reguladores non ratificados xudicialmente**. Resulta especialmente importante á hora de garantir que as familias monoparentais en risco de exclusión poidan acceder sen obstáculos a medidas equitativas que fomenten os apoios, recursos, servizos e programas necesarios para unha boa atención e desenvolvemento dos seus fillos e fillas.

Polo tanto, facendo unha lectura da diversidade das situacións baixo o concepto de familia monoparental ou situación de monoparentalidade; é **fundamental que se establezan requisitos menos rixidos para a acreditación e asegurar que ningunha familia queda fóra do sistema de protección, asegurando tamén a transparencia** sobre o número de persoas que se atopan incluídas no mesmo.

Para cumprir con esta última demanda, débese dar publicidade, como mínimo, ao número total de persoas inscritas en cada unha das categorías (e preferiblemente, con información estatística sobre a situación que deu orixe da monoparentalidade: orixe, viudedade, perda da patria potestade, derivadas de situacións de encarceramento...).

Na actualidade, non existen datos públicos sobre as persoas que contan coa certificación que acredita a condición de familia monoparental en Galicia, algo que resulta clave para poder avaliar se se está chegando ás familias, e por tanto á infancia que reside nelas que requiren os apoios das administracións; e que debería ser un dos principais obxectivos de mellora a materializar coa nova creación do Rexistro.

2

Facultar aos servizos sociais comunitarios e recursos públicos de atención (CIM) para elaborar informes vinculantes

Estes servizos, que contan con atención profesional e acceso á Historial Social Única, son en moitas ocasións a ventá da administración á identificación destes casos, pero existen casos nos que, ante a rixidez dos requisitos de actuais, familias que se atopan nunha situación de vulnerabilidade económica e que conforman unha unidade familiar monoparental non poden acreditar a súa condición.

Indo un paso máis alá, estanse a dar casos nos que, malia a que dende as administracións existen recursos para certificar a situación de monoparentalidade (certificado de empadramento histórico, declaracións de ingresos nas que haxa constancia dos membros que compoñen a unidade familiar ...), **hai mulleres que, malia a estar ao cargo dos seus fillos en solitario; ao non dispoñer da documentación xudicial específica esixida na actualidade, e para evitar entrar en procesos que puideran radicar nun maior sufrimento, quedan fora do sistema**.

Ante esta situación, **cremos esencial o rol que, xunto aos servizos sociais, poden xogar os Centros de Información á Muller (CIM)**, en especial naqueles casos nos que, coa mirada posta nos casos das vítimas de violencia de xénero, haxa acreditada unha situación de monoparentalidade por parte das profesionais destes puntos de referencia, **garantindo un acompañamento axeitado que evite a revitimización**, e, paralelamente, vele tamén polos dereitos das súas fillas e fillos que habitualmente se encontran expostos a situacións de violencia familiar e sofren as consecuencias, **convertíndose, en ocasións, en destinatarios directos da acción**.

¹²Expediente: S.7.Q/1620/24: Suxerencia dirixida á Consellería de Política Social e Igualdade da Valedora do Pobo (06/06/2024) <https://www.valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2024/08/1620-24-ok-cast.pdf>

En suma, isto tamén contribuirá a acadar o obxectivo de **desburocratizar e mellorar o acceso aos recursos de apoio, esencial na loita contra a pobreza e a exclusión social**, o que podería maximizarse complementándoo co cruce de datos entre as administracións, para unha xestión máis áxil e que implique menor carga administrativa para as persoas.

Para axilizar os procesos, poderíase contar con entidades do Terceiro Sector de Acción Social para acompañar e colaborar coas administracións, achegando así ese valor engadido de atención individualizada e centrada na persoa.

3


Equiparar beneficios de familias monoparentais aos de familias numerosas

Asentar as bases dun modelo de protección das familias monoparentais estable e transversal, a través da extensión dos beneficios xa recoñecidos ás familias numerosas, en liña cos recollido no Artigo 18 da Lei 3/2011, de 30 de xuño. Se ben é certo que existen algúns beneficios para as familias monoparentais, o seu alcance, enfocados nas áreas de ocio e educación, segue sen contemplar eidos recoñecidos pola lei nos que o apoio resulta fundamental.

A este particular refire o Expediente L.4.Q/12/22 da Valedora do Pobo¹³, no que, a partir dunha queixa que denunciaba a ausencia de exencións tributarias específicas e das bonificacións contempladas para os grupos de especial consideración; **e tras a análise da información remitida pola administración**, esta institución suxeriu á Consellería de Política Social e Igualdade o impulso do decreto de acreditación da condición de familias monoparentais dos Art. 9 e 18 da Lei 3/2011, en desenvolvemento do recollido nos Artigos 9 e 18 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Coa implantación da gratuidade da educación infantil de 0-3 anos, quedou sen efectos como beneficio específico o exposto no Artigo 17, a).1, no que se recoñecía a *“preferencia para o acceso de alumnos e alumnas pertencentes a familias numerosas e monoparentais en centros de educación infantil dependentes da Xunta de Galicia, con redución de tarifas nas escolas infantís de 0-3 anos”*.

Aproveitando a experiencia e o bo facer que ten demostrado a Consellería de Política Social e Igualdade, co desenvolvemento dos beneficios das familias numerosas¹⁴, establecendo un marco integral **que senta as bases do trato preferente dos membros das familias de especial consideración do que é obxecto o Artigo 18 da Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia** entre as que se recoñecen as familias monoparentais; cremos necesaria a posta en marcha de medidas concretas de apoio nas que inclúan, como ven establecido na norma:



- Reducións fiscais**
- Educación**
- Vivenda**
- Transporte**
- Beneficios en ocio e tempo libre**
- Taxas e prezos públicos municipais**

¹³Dos informes enviados a esta institución pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Facenda e Administracións Públicas, non se deduce que existan beneficios, nin fiscais nin á hora de elixir praza nun centro educativo, salvo os centros de educación infantil” (28.06.2022) P.4, <https://www.valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2023/05/12-22-CAST-Suxestión-Política-Social-L-es.pdf>

¹⁴ <https://politasocialxunta.gal/es/areas/familia-e-infancia/familias-numerosas/beneficios-del-ti-tulo-de-familia-numerosa>

Para axilizar a implementación destas medidas, tomando como referencia os modelos executados pola **Comunitat Valenciana, A Rioxa e a Rexión de Murcia**, en lugar de crear un novo bloque de beneficios, coa finalidade de evitar agravios comparativos; **garantíuselle o acceso aos xa recoñecidos á categoría xeral e especial das familias numerosas ás persoas pertencentes ás categorías xeral e especial das familias monoparentais**. No caso galego, aínda que non existe unha Lei específica para as familias monoparentais, podería incluírse dentro do decreto no que se regule o funcionamento do Rexistro.

4

Aprobación do Plan de apoio ás familias monoparentais

Dar cumprimento ao Artigo 40.1 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, coa aprobación do Plan de apoio ás familias monoparentais para mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. É fundamental que á hora de desenvolver este plan se teña en conta a perspectiva de infancia, mediante a promoción de consultas á infancia e adolescencia afectada, garantindo o seu dereito a ser escoitados/as.

Entre os principais desafíos aos que debe dar resposta este Plan, da man dos datos aportados polo 12º informe: Monoparentalidade e emprego, publicado pola Fundación Adecco¹⁵; **é a elevada taxa de poboación (principalmente feminina) en situación de pobreza e exclusión social:**

“Oito de cada dez mulleres con responsabilidades familiares non compartidas, e en situación de desemprego, séntense illadas, con redes de apoio moi limitadas, e baixo unha gran presión económica para manter á súa familia, o que afecta á súa autoestima e á saúde mental.”

Asemade, debe contemplarse o desenvolvemento dunha estratexia que recolla **campañas de formación e sensibilización, tanto en centros educativos como entre profesionais de atención dos servizos sociais e comunitarios**, no último dos casos, de xeito que contén con ferramentas para asesorar ás persoas que se atopen nalgún dos supostos que de acceso ao rexistro de familias monoparentais.

De maneira complementaria, a Xunta de Galicia deberá por en marcha **campañas activas de promoción do rexistro das familias monoparentais, con información útil sobre as vías para a certificación e os seus beneficios**, coa finalidade de chegar ao maior número de persoas posible.

Tal e como se recolle na artigo anteriormente mencionado, **isto debe involucrar** non só aos diferentes **departamentos do goberno autonómico** alén da Consellería de Política Social e Igualdade, senón tamén **á Federación Galega de Municipios e Provincias e administracións locais**; ademais das **entidades do Terceiro Sector da Acción Social** e, singularmente, ás **entidades que representan ás familias monoparentais**.



¹⁵<https://fundacionadecco.org/informes-y-estudios/informe-monoparentalidad-y-empleo/>

Aumento de medidas de protección específica na Renda de Inclusión Social de Galicia e no Ingreso Mínimo Vital

Na prevista e urxente modificación da **Lei de Inclusión Social de Galicia**, que regula a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), debe procederse á súa adecuación para asegurar a súa **complementariedade co Ingreso Mínimo Vital**.


A pesares de que na Renda Social de Galicia (RISGA) recolle algunha medida para familias monoparentais, non é suficiente. Con carácter inmediato, deberanse aumentar ao seu abeiro **máis medidas de protección específica**, máis aló da "consideración de situación de monoparentalidade no acceso" que está recollida actualmente. Medidas en xeral, para aquelas familias con nenos, nenas e/ou persoas dependentes, e, **en particular, para as familias monoparentais**.

Apoio á realización de Estudos de diagnóstico e enquisas específicas dende o Instituto Galego de Estatística

A falta de datos que permitan dar conta das especificidades que presentan as familias monoparentais e as familias en situación de monoparentalidade en Galicia; e por tanto da infancia que forma parte delas a nivel cuantitativo, impactan tamén de cheo na capacidade das administracións para dar resposta ás mesmas. Por esta razón, **cremos esencial o apoio destas iniciativas para mellorar o deseño das políticas públicas de apoio ás familias monoparentais, unha vez identificadas as necesidades concretas**.

Interlocución estable entre a administración e entidades do Terceiro Sector da Acción Social, e entidades representantes das familias e da infancia

A comunicación e coordinación coa administración, concretamente coa Consellería de Política Social e Igualdade nomeadamente, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e as entidades do Terceiro Sector da Acción Social, e entidades representantes das familias e da infancia é clave. A perspectiva das entidades sociais, coñecedoras de primeira man da situación destas familias axuda a contribuír ao enriquecemento e fortalecemento dos avances que permitan avanzar na loita contra a pobreza e a exclusión social das familias monoparentais e as familias en situación de monoparentalidade.



Conclusión. É imperativo terminar co retraso inxustificable na implantación das medidas de protección das familias monoparentais

A emerxencia ante a que se atopan as familias monoparentais non permite máis demoras, e require que a Xunta de Galicia dea cumprimento, sen máis preámbulo, ao comprometido nas **Leis 5/2021, de 2 de febreiro; de impulso demográfico, e 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia, en exercicio das súas competencias.** A situación de vulnerabilidade que afecta á infancia en risco en contextos de monoparentalidade convértea nunha cuestión prioritaria.

A tramitación da Lei de familias estatal, **tal e como se demostrou co caso das 3 comunidades que se atopan en pleno desenvolvemento do marco de protección e rexistro autonómico; non pode ser o horizonte sobre o que as familias monoparentais agarden para recibir o apoio que normas xa aprobadas lles teñen recoñecido,** e para os que non existe ningún conflito legal nin competencial que lles impida á administración autonómica o seu desenvolvemento.

Polo tanto, a prioridade máxima debe ser dar certeza ás familias monoparentais polo que, ante a posibilidade de que os termos recollidos no proxecto de Lei de familias estatal puidese establecer límites que as comunidades autónomas deban adaptar nun futuro, deberá ser estudado unha vez aprobada e, en ningún caso, debe ser óbice para que a Xunta de Galicia avance na aprobación dun regulamento propio que amplíe os seus dereitos.

A posta en marcha dun *marco galego específico permitiría avanzar na protección da infancia e adolescencia*, asegurando o acceso a medidas que freeen o impacto da pobreza e aseguren a igualdade de oportunidades nas primeiras etapas de vida.





pobreza.gal



infanciagalicia.org

Colabora



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE**